

PROXECTO DE EXPLOTACIÓN
DO CENTRO DE RECRÍA
“GAYOSO CASTRO” DA
DEPUTACIÓN DE LUGO



RECRÍA CASTRO S.L.

A) PLAN DE CALIDADE

- I. GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS NA EXPLOTACIÓN DE ORIXE
- II. GUÍA DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO CENTRO PARA O PERSONAL ADSCRITO
- III. PLAN DE CONTROL DE AUGA
REXISTRO DE ANALÍTICAS
- IV. PLAN DE CONTROL DE PROVEEDORES
REXISTRO DE PROVEEDORES
- V. PLAN DE CONTROL DE ALIMENTACIÓN
PROTOCOLOS DE ELABORACIÓN DE ALIMENTOS NO PROCESO PRODUTIVO
REXISTROS
- VI. PLAN DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN
PROTOCOLOS DE LIMPEZA NO PROCESO PRODUTIVO
REXISTROS
- VII. SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRAL DE INFORMACIÓN E CALIDADE ASISTENCIAL
SOLICITUDES DE ACCESO
COMUNICACIÓN CO CLIENTE
PROTOCOLOS DE SATISFACCIÓN DE USUARIOS
- VIII. AUTOCONTROL
AUDITORÍA INTERNA ANUAL DOS RESULTADOS TÉCNICOS

B) MELLORAS NOS PROTOCOLOS SANITARIOS

- I. BIOSEGURIDADE
- II. PROGRAMA SANITARIO DE EXPLOTACIÓN DE ORIXE
- III. PROGRAMA SANITARIO INTERNO DO CENTRO

C) DIAGRAMA DE FLUXO RESUMO DO PLANTEAMENTO DO PROCESO PRODUTIVO

D) MELLORAS NA XESTIÓN DOS XURROS

E) SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PROFESIONAL

F) RELACIÓN DE OBRAS A EXECUTAR E CONSERVACIÓN E MANTEMENTO CON CRONOGRAMA

G) MELLORAS NOS MEDIOS MATERIAIS ADSCRITOS A EXECUCIÓN

H) RELACIÓN DE RECURSOS PERSOAIS QUE SE ADSCRIBEN A EXECUCIÓN

A) PLAN DE CALIDADE

I.GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS NA EXPLOTACIÓN DE ORIXE

OBXECTIVOS DE RECRÍA CASTRO S.L. NA EXPLOTACIÓN DE ORIXE

Nas primeiras dúas semanas de vida que a becerra permanece na explotación de orixe condicionamos en gran parte o futuro de dito animal no centro e, consecuentemente a súa vida productiva posterior. Por iso, hai tres obxectivos que a explotación de orixe debe perseguir e son

1. Garantizar polo menos un crecemento de 200 gramos/día.
2. Minimizar as patoloxías e as baixas.
3. Potenciar a inmunidade adquirida das becerrias.

Para evitar situacións de baixas e retrasos no crecemento que repercuten negativamente nos parámetros produtivos da súa becerra damos a seguinte guía de boas prácticas.

VACAS SECAS NO PERIPARTO

- Nesta fase é aconsellable que os animais non perdan condición corporal. O nutrólogo supervisará que as necesidades nutricionais estean cubertas.
- O uso de sales aniónicas está recomendado para a prevención da patoloxía postparto.
- ESÍXESE por protocolo sanitario do Centro VACINAR FRONTE O COMPLEXO DA DIARREA NEONATAL AS VACAS SECAS, como garante dun previo nivel de anticorpos para a transferencia de inmunidade as futuras becerriñas do centro.

ZONA DE PARTOS

- Recoméndase un lugar limpo, seco e desinfectado.
- Non precipitar o parto, nin estresar o animal innecesariamente, agardar a unha dilatación correcta antes de calquera manipulación obstétrica.
- Se resulta necesaria a manipulación, extremar as medidas de hixiene con guantes e xabón e/ou desinfectante.

DESINFECCIÓN DE EMBIGOS

Inmediatamente tralo parto, empregar unha solución iodada na desinfección do embigo da becerra. Volver repetir o proceso transcorridas unhas doce horas do parto.


UBICACIÓN DA BECERRA

- Recoméndase separar a becerra unha vez seca despois do parto.
- Recoméndase un aloxamento en sitio seco e limpo, preferentemente individual e afastado dos animais adultos; como solución máis correcta o uso dunha caseta ou box individual orientada en contra do vento.
- Encamar tantas veces como sexa necesario, con palla, preferentemente para garantir que sempre estea seca.
- A base da caseta baixo a cama mellor de terra, área ou grave para permitir certa capacidade de drenaxe.

- Para evitar transmisión de patóxenos e para lograr unha correcta desinfección, limpar con auga a presión e desinfectar as casetas entre usos, manténdoas en descanso unha semana mínimo antes do seguinte uso. É aconsellable, especialmente, se houbo alguna patoloxía, cambiar a maiores, a ubicación da caseta entre usos.

ENCALOSTRADO

- Recoméndase administrar o 10% do seu peso vivo.
- A becerria ten que tomar polo menos 4 litros de calostro nas seis primeiras horas de vida para garantir un nivel mínimo de inmunización pasiva.
- Débese garantir que ese primeiro calostro teña a calidade necesaria para unha correcta transferencia de inmunidade polo cal debe ser de primeiro ordeño, cunha temperatura arredor dos 38°C nun biberón ou caldeiro con tetina, considerando que o caldeiro perde temperatura.
- Para valorar a calidade do calostro é desexable o uso dun calostrímetro ou densímetro, un aparello moi sinxelo que se sumerxe no calostro a unha temperatura de 20-22°C e cun código de cores marca a densidade e por tanto a calidade do mesmo. Considérase que a densidade debe ser superior a 1050 gr/L nun calostro de boa calidade.
- Para situación de emerxencia aconséllase contar cunha reserva de calostro conxelado. O calostro que se elixa para conservar conxelado deberá ser de boa calidade, e ser correctamente etiquetado para que non aguante moito máis alá de 6 meses. Para o seu uso é aconsellable desconxelalo a baño maría, con auga a menos de 50°C para que non perda propiedades, ou no microondas co programa de desconxelación.
- Se a becerriña non mama, será necesario un sondaxe, ben de pé ou en decúbito dorsal, lubricando a sonda co mesmo calostro, antes de usala.
- As seguintes 3-4 tomas aconséllase que siga sendo de calostro de segundo e terceiro muxido.
- Todo o material empregado tanto biberóns, caldeiros e /ou sondas deben estar perfectamente limpos para o seu uso, xa que a falta de limpeza repercute negativamente nunha correcta transferencia de anticorpos a través do leite.



ALIMENTACIÓN OS PRIMEIROS DÍAS DE VIDA

- O leite maternizado que se usará despois das tomas de calostro, será o mesmo que se usa no centro. A razón é non afectar negativamente o sistema dixestivo cun cambio que supoña un novo factor de estrés para a becerria unha vez se incorpore ao centro. Na elaboración do leite maternizado ter en conta o seguinte:
 - o Pesar cunha bascula ou tomar unha medida referencia para garantir unha concentración da mestura de 12.5% (125 gramos nun litro).
 - o Bater e mesturar o leite con auga a 60°C aproximadamente.
 - o Posteriormente mesturala con auga fría ata obter a temperatura desexada.

- A temperatura de inxestión debe ser 38-39°C.
- Aconséllase que a becerra consuma en lactoreemplazante polo menos o 12 % do seu peso vivo ata a saída ao centro. Poñendo uns exemplos
 - Para 40 kilos – 4.8 litros ao día
 - Para 45 kilos – 5.4 litros ao día
 - Para 50 kilos – 6.0 litros ao día
- Recoméndase ofrecer auga as becerras desde o primeiro día que se ubican na caseta. A auga debe ser renovada a diario e estar nun caldeiro limpo.
- No inverno aconséllase temperar a auga e ofrecela polo menos dúas veces ao día.
- Non se aconsella ofrecer ningún tipo de forraxe meses primeiros días previos o viaxe o Centro.
- Desde o quinto día pódese ofrecer uns 100 gramos de pienso de arranque, que no caso de non ser consumido, deberá ser renovado.
- Aconséllase empregar biberóns ou no seu defecto caldeiros con tetina, para incentivar o reflexo de succión e facilitar e homoxeneizar o manexo no centro.
- Todo o material empregado tanto biberóns ou caldeiros deben estar perfectamente limpos para o seu uso, xa que a falta de limpeza repercute negativamente nunha correcta transferencia de anticorpos a través do leite.

VIAXE O CENTRO

- Recoméndase que as becerras viaxen ca toma de leite recén feita.
- O centro resérvase o dereito de non cargar becerras co embigo infectado, con fiebre ou outros síntomas evidentes de patoloxía.
- O propietario debe avaliar e prestar atención os informes que se lle envían de ficha animal de entrada o centro, para detectar as enfermidades repetitivas co obxectivo de efectuar os cambios necesarios para o seu control e/ou erradicación.

FORMACIÓN

Recría Castro S.L. contempla a realización de xornadas formativas os seus clientes, e talleres dirixidos a puntos de mellora saídos da “Auditoría interna anual dos resultados técnicos”.

II. GUÍA DE FUNCIONAMIENTO INTERNO DO CENTRO PARA O PERSONAL ADSCRITO

Na procura dun funcionamento constante e correcto no Centro de Recría “Gayoso Castro” todo o persoal debe ser coñecedor dos protocolos de traballo, que a modo resumo aportamos neste proxecto de explotación dentro do Plan de Calidade deseñado por Recría Castro S.L.

Actividade diaria:

- Elaboración conforme a protocolo do centro do leite maternizado.
- Administración da toma do leite, seguindo o horario establecido.
- Limpeza e desinfección de útiles de lactación artificial: biberóns, zona de preparación, homoxenizador etc. seguindo o protocolo do centro (ver punto VI Plan de limpeza e desinfección).
- Suministro de pienso e renovación de auga de bebida, os animais dos boxes e encamado con palla.
- Seguindo o diagrama de fluxo previsto para o funcionamento do centro (avance cara adiante) controlar en cada fase:
 - o estado dos animais: ante a sospeita dun proceso infeccioso procederase o seu illamento en lazareto para valoración clínica veterinaria.
 - o correcta identificación: dúas marcas auriculares co número de saneamento e o crotal identificativo individual do centro.
 - o encamado (en cama quente) ou limpeza de cubículos de goma.
 - o volteo e renovación de auga de bebedeiros.
 - o limpeza de comederos previa a reparto de nova ración diaria.
 - o no lote de cubrición faranse observacións adicionais para detección de celos.
- Elaboración e suministro das distintas racións unifeed segundo os lotes establecidos, seguindo o protocolo do centro en orde de carga e limpeza do frente dos ensilados. A descarga farase respetando o fluxo de avance establecido “cara adiante”.
- Limpeza de corredores de alimentación e de paso de maquinaria.
- Arrimado regular da mezcla unifeed, establecendo uns horarios.
- Visita o lazareto ou enfermería para efectuar o control e a aplicación dos tratamentos pertinentes os animais alí aloxados.
- Anotación de calquera incidencia nos animais no parte diario de explotación e no rexistro de consumo de ración.

Actividade semanal e quincenal:

- Recepción de xovencas no centro; tras examen clínico pertinente polo responsable veterinario control da documentación, e aceptación da tenerira, asignarase un número de identificación único e procederase ao seu acrotalamento. Ábrese a ficha de recepción e acondicionaselle un box.
- Descornado no lote de xovencas lactantes non máis alá do mes de idade, sempre que sexa posible, por razóns de benestar animal. No caso excepcional de que tivese que ser descornada posteriormente o responsable veterinario garantirá que o descornado se faga minimizando a dor mediante o uso de analxésicos.

- Limpeza e desinfección de vehículo de transporte dos animais e limpeza do vao sanitario (rodaluvio).
- Limpeza e desinfección de boxes para o seu novo uso e retirada e renovación do material de cama (palla) no lote transición I (cama quente).
- Limpeza do carro mesturador.
- Control reprodutivo no lote cubrición.
- Preparación dos animais para o seu envío acompañados dos documentos necesarios no peirao de carga.

Actividade periódicas e eventuais:

- Cambios de lote ou nave mediante o emprego da manga.
- Medicións e pesadas das xovencas antes do cambio de lote.
- Aplicación de tratamentos (vacinas, desparasitacións) establecidos no programa sanitario.
- Toma de mostras dos animais para control de enfermidades infecciosas (sangrados vía ADS, muestreo de animais enfermos, abortos, etc)
- Medicións e recollida de datos en cada cambio de lote e anotación no rexistro pertinente.
- Limpeza de estercoleiros e balsa de auga sucia.
- Recepción de materias no almacén.
- Revisión podolóxica preventiva prevista para o lote nave de xestación ou en urxencia en calquera fase.
- Retirada de cadáveres no peirao exterior.

III. PLAN DE CONTROL DE AUGA

Garantirase un acceso á auga potable aos animais e tamén para o lavado de utensilios e instalacións. Recría Castro S.L.U deberá coñecer a orixe da auga que abastece o centro para verificar a súa potabilidade, tratamentos de potabilización se os tivese, etc. Realizaranse os autocontrois seguintes:

VALOR REFERENCIA	
PARÁMETROS ORGANOLÉPTICOS	
COLOR	NORMAL
OLOR	NORMAL
SABOR	NORMAL
PARÁMETROS FÍSICO-QUÍMICOS	
pH	6.5 - 9.5
Turbidez	< 5 UNF
Conductividade	< 2500
Amonios	< 0.50 mg/L
Nitratos	< 50 mg/L
Nitritos	< 0.50 mg/L
PARÁMETROS MICROBIOLÓXICOS	
Escherichia coli	0 UFC/100ML
Aerobios a 22°C	<100 UFC/1ML
Clostridium perfringens	0 UFC /100ML
Pseudomonas areuginosa	AUSENCIA UFC/250ML
Enterococos	0 UFC/100ML
Coliformes totales	0 UFC/100ML

I. Analíticas
anuais completas con parámetros organolépticos, físico-químicos e microbiolóxicos

II. Analíticas
mensuais microbiolóxicas como indicadores de risco sanitario por contaminación fecal das augas.

III. Analíticas
completas ante calquera sospeita de problema vía auga.

As analíticas correspondentes serán supervisadas e asinadas polo responsable do Centro e arquivadas nun rexistro que le vará o nome de "Rexistro de analíticas de auga".

Se os análises revelan a non potabilidade da mesma, informarase á Deputación de Lugo e iniciaranse os trámites para a subsanación de dita falta de conformidade, valorándose a potabilización da mesma mediante compostos clorados ou peróxidos se o incumprimento é por causas microbiolóxicas, ou o cambio de suministro de fose por causas físico-químicas non subsanables.

Se a auga estivese potabilizada cun sistema de compostos clorados ou peróxidos realizaranse autocontrois diarios dos niveis de cloro libre residual, ou ben mediante tiras colorimétricas que valoren o peróxido residual e anotarase dito valor nun "Rexistro de tratamentos de potabilización".

Ademais no punto VI específico de limpeza e desinfección deste Plan de Calidade descríbese a correcta limpeza de bebedeiros.

IV. PLAN DE CONTROL DE PROVEEDORES

O Centro de Recría necesitará insumos de distintos tipos e polo tanto tamén orixes, materias primas para alimentación, produtos sanitarios, material de procesos, produtos químicos, etc, por iso será necesario ter un control sobre o panel de provedores.

O plan de control de provedores pretende garantir, por un lado, que todo o material que o centro precise para o seu funcionamento cumpre os requisitos esixibles (normativa legal, risco intrínseco no caso de materias primas ou produtos químicos, condicións de recepción, etc.), e por outro, que ante calquera incidencia de partida ou lote haxa un contacto fácil para subsanar dita non conformidade, ou optar pola baixa como provedor.

Existirá por tanto un “Rexistro de provedores” que recolle o panel de provedores do centro. A cada provedor asignaráselle un número para facer referencia o mesmo e recollerase información de contacto, como se amosa no seguinte gráfico

Nº PROVEEDOR	NOME EMPRESA	CIF	DIRECCIÓN	PERSOA DE CONTACTO	TELEFONO	CORREO ELECTRÓNICO

Na segunda folla de “Rexistro de Proveedores” recolleranse polo menos os seguintes campos:

Nº PROVEEDOR	CATEGORÍA MATERIAL SUMINISTRADO	DATA ALTA	DATA BAIXA	CAUSA BAIXA

A categoría de material suministrado pódese dividir en: materia prima de alimentación, material de cama, material de desinfección e lavado, material persoal, material sanitario veterinario, material utensilios centro...

Se o provedor cursa baixa porque incumpre, ben os criterios de calidade esixibles no produto suministrado, ou o servizo de entrega ou calquera outra causa indicárase a mesma e a data de baixa.

Os albaráns cos produtos suministrados serán gardados para o control das datas e lotes.

As fichas técnicas e de seguridade de aqueles produtos de categoría material de limpeza e desinfección serán debidamente arquivadas e dispoñibles para consulta.

V. PLAN DE CONTROL DE ALIMENTACIÓN

O suministro de dietas equilibradas é a base dunha alimentación de precisión dos animais. Recría Castro S.L. disporá dun nutrólogo responsable da supervisión da mesma, que formulará racións axeitadas tendo en conta as necesidades do animal en cada etapa e coa intención de acadar os obxetivos de crecemento e ganancia de peso establecidos.

Neste caso a supervisión é necesaria e extensible a numerosos aspectos. Novamente ese seguimento documental farase a través de rexistros, que permitirán en calquera momento detectar riscos ou incidencias polo sistema de trazabilidade implantado e proceder así a solución dos mesmos.

PROTOCOLOS DE ELABORACIÓN DE ALIMENTOS NO PROCESO PRODUTIVO

a) Leite maternizado

Recría Castro S.L. prevé automatizar o proceso de elaboración de lactoreemplazante para conseguir unha homoxeneidade mantida no tempo no produto final e facilitar e axilizar a tarefa.

A automatización consistirá en:

- Inxección de auga quente.
- Carga dos kilos necesarios de lactoreemplazante segundo os animais.
- Homoxenizador con control de temperatura.
- Carga automática de varios biberóns.

O proceso automático supervisarase nuns puntos de control que os traballadores deberán anotar:

- Cantidade de leite maternizado empregado (125g/l)
- Temperatura de carga en biberón (referencia 39º)

b) Ración unifeed

Na elaboración da ración unifeed diaria o traballador seguirá unha serie de pautas, indicadas polo nutrólogo responsable que porá en coñecemento do centro:

- Nos ensilados seguirase unha correcta limpeza de frentes, zona superficial e lateral e calquera outra parte visiblemente deteriorada. Na medida do posible farase o avance en superficie e non en profundidade para minimizar o deterioro aerobio.
- A orde de carga dos compoñentes será establecida en función da ración.
- O tempo de picado mínimo estipúlase en non menos de 5 minutos.

REXISTRO DE MATERIAS PRIMAS

Todo os insumos con destino a alimentación animal deben ser gardados co seu correspondente albarán e anotados nun “Rexistro de materias primas” como o que segue para un correcto control do proceso produtivo.

Nº PROVEEDOR	Nº DE ALBARÁN	DATA DE RECEPCIÓN	MATERIA PRIMA SUMINISTRADA	LOTE	CANTIDADE	ALMACÉN DE DESTINO	DATA APERTURA	DATA FINALIZACIÓN

As materias primas de colleita propia do Centro, que serán maioritariamente ensilados, anotaranse no “Rexistro de materias primas propias” que segue:

NUMERO ENSILADO (POSTO)	DATA ELABORACIÓN	TIPO DE ENSILADO	DATA DE APERTURA	DATA FINALIZACIÓN	REFERENCIA ANALITICA

REXISTRO DE ANALÍTICAS

Toda materia prima con destino a alimentación animal ten que ir acompañada da súa analítica correspondente. Por lei, as partidas de materias primas que entren no centro deberán levar o albarán correspondente xunto coa súa analítica de lote que se gardan no rexistro de materias primas do que falamos anteriormente.

Sen embargo, hai materias primas que serán de elaboración propia coma os ensilados e será obrigatorio o seu análise o longo do seu consumo, e aconsellable sempre previo cambio de ración.

A maiores, pode haber solicitudes de análise de calquera outra materia prima, ben sexa por desconfianza na calidade, na conservación ou calquera outro motivo.

Todas as analíticas practicadas, ben sexan nutricionais ou microbiolóxicas serán arquivadas e cumprimentarase o “Rexistro de analíticas” coma o seguinte:

DATA	TIPO ANALÍTICA	MATERIA PRIMA	CAUSA DE PETICIÓN

REXISTRO DE RACIONES

Haberá un archivador no que se gardarán por escrito todas as racións de cada lote que se manexan no Centro, asinadas polo nutrólogo responsable, onde se especificará a cantidade de ensilados e concentrados que a constitúen e o seu valor enerxético e composición desglosada do concentrado.

Disporase dun “Rexistro de racións” para supervisión dos cambios que se gardará nese mesmo archivador.

DATA	Nº RACIÓN	LOTE RACIÓN	DATA DE INICIO	DATA DE FIN	NUTRÓLOGO	ASINADO

REXISTRO DE CONSUMOS DE RACIÓN

Este “Rexistro de consumos de ración” manterase a disposición dos traballadores en cada unha das naves para controlar que o consumo da ración se axuste as necesidades e sexa homoxéneo entre animais do mesmo lote. O consumo calcularase da diferenza entre os kilos que descarga o carro e os kilos que se recollen na limpeza diaria de comedero.

LOTE		NAVE		
DATA REPARTO		KILOS REPARTO	KILOS SOBRA	
01/--/--				
02/--/--				
03/--/--				
04/--/--				

VI. PLAN DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

LIMPEZA DE CASETAS

Regularmente, contemplada como actividade semanal, e coincidindo co cambio de lote dos animais destetados, procedérase á hixienización dos boxes. Importante labor á hora de previr a diseminación diferentes patoloxías nos animais máis novos e que dificultarán nun futuro a consecución dos obxetivos técnicos establecidos. O proceso a seguir é o seguinte:

1. Transportar a caseta ou box mediante a axuda dunha pa ata a zona de limpeza, que deberá estar nunha superficie correctamente formigonada, con drenaxe de auga e a resguardo das inclemencias do tempo, e depositala coidadosamente boca abaixo.
2. A continuación lavar con auga quente a presión, a unha temperatura ao redor de 50°C. Eliminaremos os restos de materia orgánica e a suciedade máis superficial. Poderase empregar unha solución deterxente autorizada aplicada cun cepillo se resulta difícil de eliminar a suciedade mais grossa ou está moi seca.
3. Seguidamente do lavado, asperxer toda a superficie cun produto desinfectante autorizado que se deberá deixar actuar sen efectuar un aclarado posterior. Dito produto busca a desinfección química, e deberá ter capacidade xermicida, virucida e fronte a esporas.
4. Por último as casetas deixanse ao sol, ao aire libre e cara arriba, durante un período mínimo dunha semana (baleiro sanitario previo a un novo uso) e que poderá ser maior se as condicións o permiten.
5. As fichas técnicas e de seguridade do produto de limpeza elixido será debidamente arquivada segundo o Plan de Calidade, e estará o mesmo tempo dispoñible para os traballadores en caso de accidente, e para evitar contaminacións químicas de augas.



Cumprimentarase un rexistro que inclúa: data, traballador e número de casetas limpas, para respetar os 7 días de baleiro sanitario.

EQUIPO DE PREPARACIÓN DE LEITE MATERNIZADA E ACCESORIOS DE ALIMENTACIÓN

O protocolo de lavado será diario, tantas veces como tomas de leite haxa, deberá iniciarse inmediatamente ao término, o que facilita e optimiza a tarefa. O cumprimento destes protocolos é fundamental e deberá ser supervisado e manter un control mediante rexistros de actuacións por parte do persoal, ao constituír un punto crítico que pode ocasionar graves problemas de transmisión e contaxio de patoloxías e afectar incluso ao consumo de alimentos.

Tanto os equipos empregados na elaboración do leite maternizado (homoxenizadora), como aqueles accesorios de suministro de leite aos animais lvaranse tal e como segue:

1. Lavar con auga temperá para arrastrar os restos presentes do lactoreeemplazante.
2. Posteriormente lavar con deterxente alcalino e auga quente (50°C) para a eliminación fundamentalmente dos restos de graxa. Empregar cepillos para chegar ben a todas as zonas e facelo durante varios minutos.
3. Aclarado en auga fría abundante.
4. Deixar os biberóns nun soporte metálico para o seu correcto drenaxe, e as tetina sumerxidas nunha solución de auga con desinfectante.
5. Un día a semana fixado, empregar un deterxente ácido para todo o proceso para eliminar posibles restos de depósitos cálcicos ou formación de “pedras do leite”.
6. A limpeza do equipo de preparación (homoxenizadora e distribuidora contemplase que sexa un sistema cíclico automático.



Cumprimentarase un rexistro que inclúa data, hora e traballador e uso de deterxente alcalino ou ácido.

LIMPEZA DE NAVES

Partes húmidas de naves

(ZONA DE ELABORACIÓN DE LEITE, ZONA DE REEPCIÓN E LIMPEZA DE CASSETAS)

Estarán deseñadas con paredes e chan facilmente lavables e un sistema de drenaxe de augas, para poder aplicar semanalmente un lavado a presión, con cepillado mecánico e uso de deterxentes.

Partes secas

Con cepillos semanal en zona cimentada entre naves. Co tempo contemplable unha limpeza en máquina automática

LIMPEZA DE BEBEDEIROS

Tal e como está establecido no punto II “guía de funcionamento interno do centro para o personal adscrito” realizarase un volteo de bebedeiros diario durante a revisión do estado dos animais, e no animais lactantes procederase a renovación íntegra da auga de bebida e ao lavado dos caldeiros se é preciso.

Con este volteo e renovación de auga eliminamos carquera resto de materia orgánica que poida repercutir negativamente no consumo de auga por parte dos animais.

SEMANALMENTE, fixarase un día a semana para un mellor control da actividade, efectuarase unha limpeza a fondo dos bebedeiros con emprego de medios mecánicos e uso de deterxentes, co seu posterior aclarado correspondente.



Cumprimentarase un rexistro que inclúa data e traballador na limpeza mecánica e con deterxente dos bebedeiros, e cun apartado de incidencias por se se detectase algún problema no sistema de enchido automático.

LIMPEZA DE COMEDEIROS

A inxesta de calquera tipo de ración vai estar sempre condicionada polo estado no que se atope a superficie sobre a que este se deposite, xa que afecta as súas calidades organolépticas e de conservación. Resulta, polo tanto, imprescindible a limpeza diaria de comedeiros.

Nas casetas inspeccionarase o seu estado durante a revisión dos animais, momento no que se limparán os caldeiros e se repoñerá novamente o concentrado que se estime oportuno en función do consumo previsto.

Nas restantes naves, diariamente antes da descarga de nova ración efectuarase un barrido completo da superficie de comedeiro para retirar todas as sobras. Unha vez efectuada a descarga do carro deberá tamén barrerse a superficie do pasillo de alimentación.



Cumprimentarase o rexistro que se inclúe no plan de alimentación “rexistro de consumos de ración” no apartado kilos sobra, que serán os restos de limpeza do comedeiro.

VII. SISTEMA DE XESTIÓN INTEGRAL DE INFORMACIÓN E CALIDADE ASISTENCIAL COS USUARIOS

Recría Castro S.L.U disporá dun sistema para proporcionar e garantir un correcto estándar de calidade na atención a gandeiros interesados no Centro de Recría e outros profesionais do sector .

Por unha banda, disporá dunha páxina web informativa e ilustrativa, onde se reflectirán os compromisos e servizos que este centro oferta aos gandeiros, descrición de instalacións, pautas de manexo seguidas no centro, e outros documentos informativos. Así mesmo figurarán as condicións que debe cumprir un gandeiro interesado para ser cliente do centro.

Todo este contido será supervisado previamente pola Deputación de Lugo para a súa autorización na difusión web.

Nesa mesma páxina web existirá un enlace o correo electrónico do centro para calquera dúbida, suxerencia, interese que poida xurdir que será respostada nun prazo de 72 horas como máximo.

DIFUSIÓN PUBLICITARIA DO CENTRO

A maiores do portal web, Recría Castro S.L.U comprométese a dar a coñecer a posta en marcha da actividade do centro así como a súa carteira de servizos e compromiso co gandeiro en revistas do sector vacún leiteiro da comunidade autónoma, así como a través das distintas asociacións provinciais de criadores de gando frisón (AFRICORES), facendo fincapé na provincia de Lugo.

SOLICITUDES DE ACCESO

No mesmo portal web informativo de Recría Castro S.L.U habrá un enlace a un formulario de solicitude de admisión de novillas ao centro que poderá, unha vez completado ser reenviado vía electrónica ou ben impreso e enviado por correo ordinario ou fax.

A dita solicitude **xerárase automaticamente un código ca data na que foi feita** unha vez sexan cumprimentados todos os datos, co código de solicitude poderase **consultar o estado de dita tramitación** desde a mesma web e a puntuación acadada.

Nas solicitudes de acceso respetarase o regulamento de organización e funcionamento do centro establecido pola Deputación de Lugo, polo que nos criterios de admisión darase preferencia a explotacións gandeiras que:

- Sexan da provincia de Lugo.
- Formen parte de entidades asociativas (exemplo, cooperativas).

Por outro lado, puntuarán máis favorablemente aquelas que:

- Acaden un maior compromiso no número de xovencas enviadas no semestre.
- Sexan dirixidas por mulleres e /ou gandeiro xove.

- Sexan unha Sociedade Agraria de Transformación.

O cumprimento do programa sanitario en explotación orixe (tratado en profundidade no punto B do presente "proxecto de explotación") será condición INDISPENSABLE para a aceptación da explotación, independentemente dos puntos obtidos en base a solicitude.

A solicitude a cumprimentar de cara a admisión dun gandeiro como cliente do centro, terá os campos que se contemplan a continuación.

DATA DE SOLICITUDE		NÚMERO DE SOLICITUDE:	
NOME OU RAZON SOCIAL :		NIF/CIF:	
REGA EXPLOTACIÓN :		LOCALIZACIÓN:	PROVINCIA:
TELÉFONO DE CONTACTO :		EMAIL:	
INTEGRADA EN COOPERATIVA	SI ☐ NON ☐	NOME DA COOPERATIVA:	
CONDICIÓN DE GANDEIRO XOVE	SI ☐ NON ☐		
CONDICIÓN DE MULLER TITULAR:	SI ☐ NON ☐		
CENSO DE VACAS >24 MESES ACTUAIS:			
COMPROMISO EN PORCENTAXE DE ENVÍO O CENTRO DA RECRÍA: %			
COMPROMISO/ESTIMACIÓN EN Nº DE ENVIO DE XOVENCAS SEMESTRE: :			
<i>número de novillas en compromiso (variable un 10% para a reserva de praza):</i>			
INTEGRADA EN ADS	SI ☐ NON ☐	NOME DA ADS:	
RESULTADO FAVORABLE NAS ULTMAS DUAS CAMPAÑAS DE SANEAMENTO	SI ☐ NON ☐		
RESULTADO FAVORABLE NAS ULTIMA CINCO CAMPAÑAS DE SANEAMENTO	SI ☐ NON ☐		

SISTEMA DE XESTIÓN DE INFORMACIÓN NO CENTRO

Os datos que se recollen desde o momento en que un gandeiro é aceptado como cliente do centro, tras pasar as probas de admisión, e todos os datos referente a información individual de cada novilla, dende o momento de entrada a súa saída, serán procesados, xestionados e avaliados dentro da plataforma informática GESGANDO.

Esta plataforma informática ten probada a súa validez neste tipo de xestión o ser a mesma que emprega a o centro de recría GANXABAR en Mazaricos, A Coruña de titularidade privada e con 1000 novillas de capacidade.

Entre as ventaxas de GESGANDO que traballa co entorno JAVA atópanse as seguintes:

- XESTIÓN INTEGRAL de datos individuais de novillas; datos identificativos, datos de crecemento, reprodutivos, de posibles patoloxías e tratamentos aplicados, movementos de lotes, etc.
- COMPATIBILIDADE E IMPORTACIÓN DE DATOS doutras fontes como a Oficina Agraria Virtual da Consellería de Medio Rural e das distintas AFRICORES en referencia a datos xenealóxicos, entre outros.
- EXPORTACIÓN DE INFORMES orientados a clientes.
- POSIBILIDADE DE CONSULTA CONFIDENCIAL a cada cliente cun USUARIO e un CONTRASINAL, dirixindo as opcións de visualización. De igual modo a Deputación de Lugo poderá ter un acceso e uso permanente a través dun usuario e contrasinal a todas as novillas e datos do centro.
- Aplicación para DISPOSITIVOS MÓVILES para consulta co mesmo USUARIO e CONTRASINAL ca descarga da aplicación GESGANDROID.



COMUNICACIÓN CO CLIENTE. INFORMES

Recría Castro S.L.U quiere dotar de transparencia o funcionamento do centro de recría en relación co destinatario último do proxecto, que é o gandeiro. Por iso acorda o envío dunha serie de información ou informes por correo electrónico e por correo ordinario se o gandeiro prefere esa opción. A información que emitirá ven recollida nos anexos A, B e C.

O **anexo A** recollerá os datos individuais de cada xovenca na súa recepción, datos relativos a súa identificación, o número que se lle asignará no centro ata o momento da súa saída e datos relativos a súa exploración clínica que serán tidos en conta a hora de acadar os obxectivos e compromisos que Recría Castro S.L. adquire co gandeiro.

O **anexo B** recollerá os datos individuais en modelo ficha de cada xovenca ata o momento da saída, facendo referencia os seguintes datos:

- datos identificativos xerais
- datos de ganancia de peso na estancia e crecemento
- datos reprodutivos
- probas diagnósticas e vacinacións
- outros datos de interese ou anomalías na exploración clínica final

O **anexo C e D** é un resumo que será enviado a fins de mes para a correcta comprensión de cara a facturación, e para dar unha idea xeral da situación das súas novillas a cada cliente.

Por unha banda, resume de maneira visual as entradas e saídas de animais nos últimos seis meses, para un control do compromiso adquirido do gandeiro co Centro de Recría en referencia ao número de xovencas a enviar semestralmente, e para unha mellor previsión no Centro da xestión de clientes polo espazo dispoñible.

Por outra banda, informa dos acontecementos dese mes: entradas rexistradas, retornos, baixas e preñeces confirmadas. Aportando un censo ou número de xovencas de cada día do mes de cara a unha total comprensión da facturación.

PROTOCOLOS DE SATISFACCIÓN DE USUARIOS

Recría Castro S.L, entre os obxectivos de autocontrol e mellora, quiere garantir que o cliente último o gandeiro, estea satisfeito co servizo ofertado, para iso, seguindo o prego de prescricións da Deputación de Lugo nesta concesión, estableceranse dúas canles básicas para a participación activa do gandeiro nas modificacións dos servizos ofertados, calidade asistencial e obxectivos técnicos a acadar.

1. Enquisa anónima que se poderá facer vía informática, preferentemente desde un enlace da páxina web do centro. Recollemos un modelo de contido mínimo aínda que variable e consensuable ca Deputación de Lugo (**anexo e**).
2. Buzón de suxerencias e reclamacións e correo electrónico, sempre aberto e dispoñible.

Toda esta información xerada será compartida ca Deputación de Lugo e os contidos a ter en conta na enquisa serán consensuados ca mesma.

ANEXO A

MODELO DE INFORME FICHA ANIMAL DE ENTRADA AO CENTRO

PROPIETARIO:		
DATA RECEPCIÓN:		
DATOS IDENTIFICATIVOS DO ANIMAL		
NÚMERO CENTRO	CROTAL	DATA NACEMENTO
IDADE (días)	NAI	PAI
DATOS EXPLORACIÓN		
PESO	ALTURA	Tª RECTAL
Kg	cm	°C
FECES	EMBIGO	APARELLO LOCOMOTOR
<i>Normal/Diarrea leve/moderada/aguda</i>	<i>Normal/Onfalite</i>	<i>Normal/Anomalía</i>
AUSCULTACIÓN CARDIACA	AUSCULTACIÓN PULMONAR	
ppm	ppm	
DISNEA	TOS	SECRECIÓN NASAL
Non/Si	Non/Si	Non/Si
REFLEXO DE SUCCIÓN	PEL	ULCERA/XENXIVITE
Non/Si	<i>Normal/ Anomalía</i>	Non/Si
TRATAMENTOS ADMINISTRADOS		
OBSERVACIÓNS		

Data, sinatura e selo

Veterinario responsable de emisión do informe

ADMISIÓN

SATISFACTORIA/ CONDICIONADA

ANEXO B

MODELO DE INFORME FICHA ANIMAL DE SAÍDA DO CENTRO

PROPIETARIO:		
DATA SAÍDA:		
DATOS IDENTIFICATIVOS DO ANIMAL		
NÚMERO CENTRO	CROTAL	DATA NACEMENTO
	NAI	PAI
ENTRADA	ESTANCIA	SAÍDA
Data: <u> </u> / <u> </u> / <u> </u>	Ganancia diaria:	Data: <u> </u> / <u> </u> / <u> </u>
Idade: días	Días no CENTRO:	Idade: días
Peso: Kg		Peso: Kg
Altura: cm		Altura: cm
DATOS REPRODUTIVOS		
Idade 1ªIA:	Data preñez: <u> </u> / <u> </u> / <u> </u>	Reconfirmación preñez: <u> </u> / <u> </u> / <u> </u>
Peso 1ªIA:	Touro xestante:	Idade prevista parto
Nº de servizos (IA):	Categoría Touro:	Data prevista parto

PROBAS DIAGNÓSTICAS		VACINACIÓNS	
	Data	Vacina	Data
Saneamento oficial	<u> </u> / <u> </u> / <u> </u>		<u> </u> / <u> </u> / <u> </u>
BVD	Neg		
Neospora	-		
DATOS EXPLORACIÓN OU OUTRAS OBSERVACIÓNS			

Data, sinatura e selo

Veterinario responsable de emisión do informe


ANEXO C

MODELO DE INFORME MENSUAL DA SITUACIÓN DAS XOVENCAS DO GANDEIRO


PROPIETARIO

DATA: 30/_/_

ENTRADA NO CENTRO RECRÍA



SAÍDA DO CENTRO RECRÍA



ENTRADAS MES ACTUAL		SAÍDAS MES ACTUAL		BAIXAS MES ACTUAL	
Data	Número	Data	Número	Data	Número
__/__/__		__/__/__		__/__/__	
__/__/__		__/__/__		__/__/__	
Total		Total		Total	

CENSO NO CENTRO DE RECRÍA					
POR IDADE		POR REPRODUCCIÓN			
IDADE	Nº	ESTADO		Nº	
LACTANTES		SIN IDADE			
FASE I		INSEMINADAS			
FASE II		PREÑADAS			
FASE III					
TOTAL		TOTAL			

PREÑECES CONFIRMADAS ESTE MES				
NÚMERO CENTRO	CROTAL	DÍA DETECCIÓN PREÑEZ	TOURO PREÑEZ	CATEGORÍA TOURO

ANEXO D

MODELO DE INFORME MENSUAL DA SITUACIÓN DAS NOVILLAS DO GANDEIRO

ESTADÍA NO CENTRO						
DATA	Nº INICIAL	ENTRADAS	RETORNADAS	BAIXAS	Nº FINAL	CUSTE PARCIAL*
01/_/_	10		1		9	
02/_/_	9	1			10	
03/_/_						
04/_/_						
05/_/_						
06/_/_						
07/_/_						
08/_/_						
09/_/_						
10/_/_						
11/_/_						
12/_/_						
13/_/_						
14/_/_						
15/_/_						
16/_/_						
17/_/_						
18/_/_						
19/_/_						
20/_/_						
21/_/_						
22/_/_						
23/_/_						
24/_/_						
25/_/_						
26/_/_						
27/_/_						
28/_/_						
29/_/_						
30/_/_						

RESUMO MENSUAL	10	1	1	0	10
----------------	----	---	---	---	----

TOTAL €

*Custo diario por animal = ----€

ANEXO E

MODELO- BORRADOR DE ENQUISA DE SATISFACCIÓN DE USUARIOS

Marque cunha cruz (X) o recadro correspondente para a valoración de cada un dos apartados desde o 1 (*nada satisfeito*) o 5 (*completamente satisfeito*). Dispón na parte inferior dun apartado para engadir aclaracións ás preguntas formuladas ou outras observacións. A súa opinión servenos para optimizar o servizo ofertado. Grazas.

		1	2	3	4	5
RECOLLIDA	Manexo: habilidade do personal na carga, bó trato co animal.					
	Condicións de transporte : limpeza do vehículo, axeitabilidade e benestar para o confort no transporte das beceras.					
ACCESO A COMUNICACIÓN CO CENTRO	Paxina web: contidos, actualización de información.					
	Axilidade nos trámites: rapidez na contestación ante unha solicitude de acceso ou calquera outra consulta relativa o funcionamento do centro.					
	Solvencia: capacidade resolutiva fronte a unha tramitación ou consulta.					
	Información sobre as xovenças: periodicidade, e datos aportados.					
RETORNO	Manexo: habilidade do persoal na descarga; bó trato co animal.					
	Condicións de transporte: limpeza do vehículo, axeitabilidade e benestar para o confort no transporte.					
ADECUACIÓN O CRITERIO TÉCNICO	Peso de retorno da xovença: estado de carnes, desenvolvemento corporal					
	Idade primeiro parto: a media sitúase por baixo dos 24 meses.					
VALORACIÓN XERAL	Nota global de satisfacción co funcionamento do Centro, en atención o usuario e no estado das xovenças retornadas.					

OBSERVACIÓNS

VIII. AUTOCONTROL

Neste punto enmárcanse as medidas destinadas a exercer unha supervisión propiamente dita da actividade empresarial. Recría Castro S.L. entende que a actividade realizada debe ser avaliada desde dous puntos de vista

1. Satisfacción do cliente : calidade asistencial
2. Resultados técnicos: calidade da novilla

A satisfacción dos clientes foi abordada no punto anterior, mediante as enquisas anónimas.

O resultado destas enquisas xunto cunha serie de parámetros tales como:

- número de solicitudes recibidas e nº de solicitudes aceptadas e rexeitadas.Causas de rexeitamento.
- prazo desde a solicitude ata resposta por parte do centro (72 horas).
- prazo desde a aceptación da solicitude e o ingreso efectivo das primeiras tenreiras.
- reclamacións ou suxerencias.

serán analizados e remitidos tamén a Deputación de Lugo, para implementar as medidas necesarias que supoñan melloras na percepción do noso servizo por parte dos nosos gandeiros.

Por outra banda, Recría Castro S.L. márcase como meta **mellorar ano a ano na calidade da xovenca que sae do Centro**, e para iso , valorará cando menos anualmente a consecución dun conxunto de índices técnicos establecidos inicialmente, entre os que se atopan:

CONDICIÓNS DE CHEGADA

- Peso medio de chegada
- Estatura media de chegada
- Temperatura

CONDICIÓNS DO PROCESO PRODUTIVO

- Ganancia Media Diaria (GMD) en lote ou fase productiva.
- Idade a 1ª inseminación
- Peso e estatura a 1ª inseminación
- Nº de inseminacións/preñez
- Idade a inseminación fecundante

CONDICIÓNS DE SAÍDA

- Peso de saída
- Idade de parto prevista
- ...

Nese autocontrol ou “auditoria interna anual dos resultados técnicos” analizarase con ferramentas estadísticas, as medias e percentís inferiores e superiores, marcándose cada ano uns obxectivos técnicos mellorados, reais e acadables para o seguinte ano.


Buscarase a homoxeneidade nas condicións de chegada, detectando gandeirías nas que as condicións das tenreiras en peso, por exemplo, sexan inferiores a media, para implementar formación adicional o gandeiro e, no caso de que haxa mais solicitudes sirva como aliciente para mellorar ante a perspectiva de quedar fora ou ser penalizado.

Así mesmo calquera cambio que se faga de manexo durante o proceso produtivo pode e debe ser avaliado mediante o uso destes indicadores, decidindo a xerencia do Centro a súa conveniencia ou non de cara a melloras futuras.

B) MELLORAS NOS

PROTOCOLOS

SANITARIOS



I. BIOSEGURIDADE

A bioseguridade na recría será o conxunto de medidas e protocolos que podemos aplicar dende o mesmo momento do nacemento da tenreira ata a súa saída do centro, co obxectivo de minimizar os factores de risco e o impacto e dispersión das enfermidades sobre a produtividade, A bioseguridade basearase en tres piares básicos:

A) ILLAMENTO

- O centro está pechado perimetralmente e ten dedicación exclusiva á actividade de recría de xovencas polo que non pode haber presenza doutros animais.
- O transporte de materias primas adicadas a alimentación e acceso a maquinaria así como a xestión dos xurros e esterco será directa, sen acceder o interior das instalacións dos animais.
- Os lotes constituirán, na medida do posible, unidades epidemiolóxicas polo que o avance dos mesmos será cara adiante, aproveitando o mesmo deseño das instalacións existentes, imposibilitando cruces de lotes.
- As tenreiras recién chegadas previas a inspección do veterinario e a asignación do número interno do centro permanecerán en boxes de corentena.
- Se algún animal o longo da súa estadía presentase síntomas de enfermidade contagiosa será apartado do resto noutro lugar ou lazareto para a súa recuperación e para evitar a diseminación do proceso.
- Se houberse algún animal morto, previa a chegada do transporte de recollida, será inmediatamente afastado do resto nunha zona de carga con acceso a él dende o exterior do peche.
- A carga de animais ao centro será feita nun peirao distinto do de retorno cara as explotacións, así como para o de saída de cadáveres ou animais con destino a matadoiro.

B) CONTROL DO TRÁFICO DE ANIMAIS PERSOAS E VEHÍCULOS

Para o CONTROL DE PERSOAS que visiten o centro cumprimentarase un “Libro de visitas”. Para acceder o centro nas visitas será OBRIGATORIO o uso de calzas desbotables e traxe.

Ninguén pode acceder o centro de recría sin previa autorización por parte da Diputación.

Nese libro de visitas indicaranse como mínimo os seguintes apartados:

- Data
- Nome da persoa e empresa ou entidade
- Matrícula do vehículo
- Obxecto da visita
- Lugar de procedencia
- Data de último contacto con outra explotación

- Sinatura

Para o persoal habitual ou traballadores dispórase dunha zona de vestiarios que está físicamente separada dos animais

Para o CONTROL DO TRÁFICO DE ANIMAIS e para que se respete a máxima de que os movementos son cara adiante e non hai cruces de lotes baseámonos na TRAZABILIDADE mediante o **número de identificación do centro asignado** á tenreira desde o momento da chegada ata a saída e o rexistro da data de cada **movemento de lote** da xovenca na base de datos do programa informático GESGANDO.

Ademáis, cada xovenca cumprirá en todo momento a lexislación referente a identificación e trazabilidade animal, documentación de acceso ao centro e dous crotais o longo da súa estadía.

Para o CONTROL DO TRÁFICO DE VEHÍCULOS, calquera camión de transporte habitual ao centro de materias primas para alimentación, gasoil, material de cama etc. entregará o albarán no que figure a **data e os datos da matrícula e transportista**. O responsable do centro asinará a **recepción das materias primas** verificando a exactitude dos datos aportados no albarán, que servirá no seu arquivo para o control de movementos no centro e libro de rexistro obrigatorio de materias primas.

C) LIMPEZA E DESINFECCIÓN:

- Desenvólvese en profundidade no punto VI plan de limpeza e desinfección do manual de calidade
- Os camións de transporte de animais esixiráselles o certificado de correcto lavado e desinfección segundo a lexislación vixente, despois de cada transporte de lote de animais.
- Respetaráselles un tempo de baleiro as casetas e os lotes, non fixable no máximo dependendo das necesidades do centro, pero cando menos garantírase un baleiro semanal.
- Existirán vaos sanitarios ou rodaluvios para a desinfección de calquera vehículo que acceda dentro do peche perimetral do centro de recría. Dit os vaos serán renovados cando menos, semanalmente.
- Plan de desinsectación e desratización fixado descrito no apartado de programa sanitario interno do centro.

II. ESIXENCIAS NA RECEPCIÓN DE XOVENCAS.

PROGRAMA SANITARIO NA EXPLOTACIÓN ORIXE.

Tal e como establece o prego de prescricións técnicas, esixíranse unha serie de condicións sanitarias ás granxas de orixe para aceptar a entrada de animais ao centro de recría.

Antes da aceptación dun gandeiro como cliente será necesaria a aceptación e cumprimento dunha serie de requisitos para garantir unha máxima bioseguridade e status sanitario dentro do Centro.

- A explotación debe OBRIGATORIAMENTE ter a cualificación sanitaria de “ Oficialmente indemne a tuberculose e brucelose así como a leucose enzoótica bovina e libre de perineumonía contaxiosa bovina”. Presentarase fotocopia compulsada das últimas CINCO follas de calificación sanitaria.
- Considerase IMPRESCINDIBLE E OBRIGATORIO de cara a minimización de risco de diarreas neonatais no centro que o gandeiro vacine as nais fronte o complexo rotavirus, coronavirus e E coli.
- Considerase IMPRESCINDIBLE E OBRIGATORIO que a gandeiría forme parte dunha Asociación de Defensa Sanitaria, da que facilitará o contacto para a fluidez na comunicación con respecto a situación xeral da granxa e relativa as nais das novillas incorporadas. A razón de que sexa obrigatorio non é outra que a inviabilidade económica e falta de practicidade de que o gandeiro asuma o prezo de calificar sanitariamente a súa explotación cos sangrados correspondentes se esta non pertence a ADS, e garantir que as tenreiras incorporadas son fillas de nais seronegativas.
- A explotación non debe ter circulación vírica de IBR E BVD, con resultados seronegativos en animais de 9 a 24 meses, con periodicidad semestral, así como ELISA anticorpos de tanque de leite negativo. Se usase vacinas para “cortar ou minimizar” a circulación ata a erradicación, a de IBR debe ser marcada.
- Aceptación e seguimento da “Guía de boas prácticas na explotación de orixe” explicada no punto I do Plan de Calidade de Recría Castro S.L, especialmente importante o punto no que se indica cómo realizar un correcto encalostrado.

Antes da aceptación dunha xovenca no centro esixírase:

- Tenreiras cun mínimo de 15 días de nais presentes na folla de calificación sanitaria.Exame clínico no momento da carga, reservándose o Centro o dereito de deixala na explotación de orixe se presenta un risco sanitario.
- As xovenkas que entren no Centro de Recría serán fillas de nais que en analítica de soro teñan o seguinte resultado:

IBR	ELISA AC gE	➤ NEG
BVD	ELISA AC p80	➤ NEG
	ELISA AX	➤ NEG
PARATUBERCULOSE	ELISA AC	➤ NEG
NEOSPOROSE	ELISA AC	➤ NEG

- Cartílaxe de orella BVD antixeno da becerriña con resultado negativo o que descarta que sexa un PI e Elisa paratuberculose negativo o que descarta de inicio que mamase leite con paratuberculose.

III. PROGRAMA SANITARIO INTERNO DO CENTRO

Recría Castro S.L estará OBRIGATORIAMENTE adherida a ADS local, respetando a o programa sanitario establecido na orde do 21 de decembro de 2016 da Consellería de Medio Rural.

O programa sanitario obrigatorio recolle especificamente para os Centros de Recría os seguintes puntos:

- Os centros de recría integrados nunha ADSG deberán incorporar animais procedentes de explotacións integradas en ADSG.
- Mostra de cartilaxe para BVD antixeno , sempre antes dos 4 meses de idade e sen que as becerriñas teñan contacto co grupo xestante.
- Mostraxe serolóxica de animais previa saída do centro.

Traballando en estreita colaboración co responsable da ADS que lle corresponda ao Centro de Recría, Recría Castro S.L. desexa refozar o programa sanitario nos seguintes puntos:

1. RECEPCIÓN DE XOVENCAS

- Novo exame clínico na zona de cuarentena para decidir admisión e previa á asignación do número do centro. Os datos que se recollerán na ficha de recepción do animal pódense consultar no ANEXO A do Plan de Calidade.
- O primeiro día de chegada o centro seralle administrada unha dose de vacina intranasal fronte o complexo respiratorio (parainfluenza e virus respiratorio sincitial)

2. FASE LACTANTE (ATA 2.5 MESES DE VIDA)

- Aos 15 días desde a súa chegada (aproximadamente o mes de vida) vacínase fronte o complexo respiratorio vía IM fronte a virus respiratorio sincitial e *Mannheimia haemolytica*, revacinándose trancorrido o mes.
- Desde o mes de vida empregáranse coccidiostáticos orais, xa que é o momento de máxima incidencia deste parásito entérico.
- Preferentemente nesta fase e SEMPRE antes dos 4 meses tomarase unha nova mostra a todas as becerrias de cartilaxe de orella para BVD antixeno ante o risco que suporía que houbera un erro na pnegatividade da proba inicial de acceso o centro.

3. FASE DESTETE E TRANSICIÓN (ATA OS 5.5 MESES DE VIDA)

- Antes de que o animal pase á fase rumiante de incorporación a carro e dixestión de ensilados, Recría Castro S.L. entende que debe ser inmunizado cunha bacterina-toxoide fronte as enfermidades clostridiais, aproximadamente os 4 meses. Aínda que o risco sexa baixo o custo fronte o beneficio de evitar unha soa clostridose xustifica o emprego desta vacinación.
- Tamén a partir dos catro meses de vida e nesta fase procederase a vacinación con vacina viva marcada fronte a IBR, xa que é nesta fase cando descenden os anticorpos calostrais e se suma o cambio de manexo e o agrupamento en lote de diversos orixes.

4. FASE TRANSICIÓN II (ATA OS 12 MESES)

- Con 8 meses de idade contéplase a primeira aplicación de vacina atenuada fronte o BVD, segundo o risco existente.
- Con 10 meses revacunación semestral de vacina marcadora IBR.

5. FASE DE CUBRICIÓN (ATA OS 15 MESES)

- Aquí contéplase unha desparasitación mínima cun endectocida que sirva para parásitos externos (garrapatas, ácaros e piollos) e gran parte dos internos. Por facilidade de manexo e amplitude de espectro parasiticida a primeira opción serán as ivermectinas pour-on.
- Con 15 meses aproximadamente imprescindible a vacina fronte a BVD para evitar a aparición de PIs en xovencas preñadas. E no mesmo día para facilitar o manexo nova revacunación semestral fronte a IBR.

6. FASE DE XESTACIÓN (ATA SAÍDA)

- Nova vacinación fronte a Clostridios (a partir dos 16 meses e sempre antes de saída), sempre cumprindo o ano da dose posta en fase postdestete.
- Nova vacinación fronte a IBR e BVD previa saída con destino a explotación (21-22 meses)

TOMA DE MOSTRAS

En calquera das fases contemplanse as tomas de mostras seguintes:

- “Pool” de feces por lote produtivo para valorar a presenza de parásitos: nematodos entéricos ou pulmonares, trematodos ou cestodos a través da presenza de ovos ou larvas. No caso da presenza confirmarse tipo, valorándose o lote ou lotes de incidencia e corrixiase o protocolo de desparasitación en canto a produto aplicado, vía de aplicación, momento de aplicación e veces o ano.
- Toma de mostras de heces se aparecen problemas de diarreas e se sospeita de problemas infecciosos, no caso necesario modificación do protocolo vacinal.
- Toma de mostras de abortos (no caso de habelos no lote de xestión) para descartar causa infecciosa, enfermidades incluídas no control ordinario de ADS, e tamén febre Q, leptospiros, clamidias, etc.
- Toma de mostras de pelo, ou lesións cutáneas causadas por parásitos externos se hai aparición de lesións que non se poden identificar claramente.

PROGRAMA SANITARIO DE MAMITE

Recría Castro S.L. na xestión do centro fará un seguimento o longo de toda a estadía da xovenca encamiñada a previr o desenvolvemento dunha infección intramamaria e haberá supervisión do plan por parte dun veterinario especialista en calidade do leite, especialmente se existira unha incidencia de casos nas saídas das xovencas. Existen varios puntos críticos e observacións nos que incidir:

- Satisfacción do reflexo de succión: en caso contrario, o animal lactante terá tendencia a mamar noutras compañeiras co risco que isto supón para a adquisición dunha infección intramamaria. Para iso empregase o biberón con tetina e minimízase o risco empregando boxes individuais. Na fase destete e estadía en box colectivo, e en

calquera outra fase supervisarase este tipo de comportamento para separar animais "mamóns".

- Manterase unha adecuada densidade, unha maior densidade está relacionada con mais comportamentos deste tipo ademais de dificultar o mantemento dunha hixiene axeitada.
- Limpeza correcta de zonas de aloxamento.
- Calidade microbiolóxica de auga e racións.
- Supervisión do estado de saúde do ubre para detectar lesións (traumatismos, cortes, malformacións, verrugas) que poidan condicionar o desenvolvemento dunha mamite.
- Tratamento e separación de animais que desenvolvan mamite (calor a palpación, febre, dor) e tratamento polo veterinario especialista responsable do programa que valorará a etioloxía do axente causal (toma de mostras se procede, muxido do cuarterón etc).
- O centro disporá dun equipo de muxido portátil , preferentemente situado na nave de xestación, segundo o prego de prescricións, e valorarase polo veterinario responsable o baleirado e a aplicación posterior da terapia antibiótica conveniente.
- Control de moscas, o demostrarse que actúan como vectores na transmisión de mamite, especialmente as causadas por *St. aureus*, *St.agalactiae* e *Arcanobacterium pyogenes*.
- Cos datos etiolóxicos e epidemiolóxicos recollidos dos casos que se plantexen o veterinario responsable do programa valorará se está indicado a aplicación dun plan vacinal específico fronte a mamite.

PLAN DE DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN

Nesta materia, cumprirase o programa que determine a ADS, e se é menos ambicioso que os obxectivos que marca Recría Castro S.L. complementaranse máis medidas fora de programa. Se fose necesario subcontariase a unha empresa externa para a xestión integral do plan DDD.

Na **desinsectación** actuaremos sobre dous estádios do ciclo a fase adulta e a fase larvaria. Controlar as moscas resulta vital para evitar o malestar dos animais e sobre todo a diseminación de enfermidades, o actuar estas como vectores, e tamén como parte dun programa de prevención de mamite.

Sobre a fase larvaria no mes de abril – maio aplicaranse produtos larvicidas nas fosas de purín e nas zonas de cama quente e boxes, para actuar sobre as primeiras larvas ca activación do ciclo cando as temperaturas soben de 20°C. Novamente antes de que as larvas muden a pupa para pasar a fase latente no inverno (estadio imposible de combater), polo mes de setembro outubro aplicarase novamente o produto larvicida.

Sobre as fase adulta de mosca seguiranse dous tipos de actuacións:

- ✓ Sobre as instalacións: en zona de cornadizas, cubículos, paredes (non porosas) aplicarase por aspersión ou como pasta en pintura un insecticida en base a thiametoxam ou similar.

- ✓ Sobre os animais: desde a primavera ata principios de outono cipermetrinas pour-on con periodicidade mensual, variable en función da incidencia da infestación.

Como medidas preventivas empregaranse mallas mosquiteiras, especialmente en zona de elaboración de leite, manterase o entorno limpo e evitárase perdas de auga para evitar humidades.


Na **desratización** hai que contemplar peches correctos que impidan a circulación e anidamento destes roedores nas instalacións e a colocación de trampas como cebos en caixa pechada para que non afecten a outros mamíferos.

Regularmente abríranse as caixas e renovarase os cebos.

Se o centro contase cunha situación excepcional que escapase ao control sanitario nesta materia exercido pola ADS en colaboración cos traballadores do centro, contariase co asesoramento integral desta materia dunha empresa especializada en pragas e en plans desinfección, desinsectación e desratización.

C) DIAGRAMA DE
FLUXO
ESQUEMA DO
PLANTEAMENTO DO
PROCESSO PRODUTIVO

* Os días indican o tempo medio da estadia e os meses a idade da xovenca no cambio de lote.



D) MELLORAS NA **XESTIÓN DOS XURROS**

MELLORAS NA XESTIÓN DOS XURROS

Segundo a Memoria de actividade do "Proxecto de construción do centro de recría na Granxa Gayoso-Castro. Lugo", a produción de xurro no centro de recría é de **25.522,97 m³/ano**.

Este xurro proveerá dos:

- *Residuos fecais (sólidos e líquidos) das tenreiras.*
- *Augas de limpeza das instalacións.*
- *Auga dos patios de exercicio.*

Na actualidade contamos cunha fosa de 5.780,00 m³ de almacenaxe, de tal xeito que esta non será suficiente. Con todo isto, temos que contar que imos traballar un total de 1.789.056 m² de superficie agrícola, a cal, absorberá unha gran cantidade destes residuos.

Táboa Nº1: "Absorción dos Cultivos"

CULTIVO	ABSORCIÓN CULTIVO (M ³)/HA/ANO	Nº HA CULTIVO	ABSORCIÓN CULTIVO (M ³)/ANO
MILLO	60 m ³ /Ha/Ano	80,00 Ha	4.800,00 m ³
PASTOS < 5 ANOS	40 m ³ /Ha/Ano	98,91 Ha	3.956,22 m ³
TOTAL (M³)/ANO	-	178,91 HA	8.756,22 M³

Polo tanto, entre os 5.780,00 m³ de Almacenaxe da Balsa e os 8.756,22 m³ de Absorción dos Cultivos, quedarían **10.986,75 m³ pendentes para tratar**.

Posto que a inversión nunha fosa desas dimensións, supoñería un forte desembolso económico, decidimos traballar cun Xestor Externo Autorizado para a xestión integral dos residuos, así como a súa conversión en recursos sostíbeis co medio ambiente. En previos contactos, con xestores da zona, contamos co acordo verbal, a espera da firma dos contratos pertinentes previo ao inicio da actividade.

Debido a que se vai traballar cunha cantidade de xurro moi grande e seguindo o Código Galego de Boas Prácticas Agrarias, decidimos utilizar un Libro de Rexistro a disposición das Consellerías pertinentes, e que será supervisado e actualizado polo Xerente da Finca. A continuación podemos ver un breve exemplo.

Táboa N°2: “Exemplo Libro de Rexistro Aplicación de Xurros”

FECHA	TIPO	DESTINO	TRATAMIENTO	SISTEMA APLICACIÓN	PARCELA	Nº HA	CULTIVO	CANTIDADE
15/04/2017	Esterco	Fincas Agrícolas Propias	Aplicación en Parcelas de Cultivo	Esparexido con Estercoleiro	Parcela 31, Polígono 221, Castro de Rei (Ref. Catastral 27010A221000310000PO)	17,00	Millo	255 m ³
01/05/2017	Xurro	Fincas Agrícolas Propias	Aplicación en Parcelas de Cultivo	Esparexido con Cisterna	Parcela 9000, Polígono 221, Castro de Rei (Ref. Catastral 27010A22109000)	10,00	Prados < 5 Anos (Herba)	200 m ³
10/08/2017	Xurro	Xestor AGROAMB	Elaboración de Fertilizantes Biodegradables	-	-	-	-	1.000 m ³
TOTAL	-	-	-	-	-	27,00	-	1.455 M ³

E) SEGURO DE
RESPONSABILIDADE
CIVIL E PROFESIONAL

No prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da concesión da xestión e explotación do Centro de Recría "Gayoso Castro" esíxese a contratación dunha serie de seguros: o seguro agrario combinado e o seguro de responsabilidade civil e profesional cun importe mínimo asegurado de 1.000.000 de euros.

Recría Castro S.L. propón as seguintes coberturas nas distintas categorías de seguro:

SEGURO AGRARIO COMBINADO:

Os seguros ofertados por Agroseguro están maioritariamente orientados a granxas de produción de leite, co que moitos dos riscos cubertos non se axustan. Recría Castro S.L. contará neste apartado cas seguintes coberturas:

GARANTÍAS BÁSICAS

- Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB)
- Ataque de animais: cúbrese a morte ou o sacrificio necesario de animais consecuencia do ataque de animais salvaxes ou asilvestrados.
- Saneamento básico: para as seguintes enfermidades:
 - Tuberculose Bovina.
 - Brucelose Bovina.
 - Leucose Enzoótica Bovina.
 - Perineumonía Contaxiosa Bovina.

GARANTÍAS ADICIONAIS

- Accidentes
 - o Morte ou sacrificio necesario por algún destes eventos:
 - Traumatismos músculo esqueléticos,
 - Traumatismos viscerais ou no aparello circulatorio.
 - Afogamento por inmersión.
 - Obstrucción esofáxica.
 - Perforación do tubo dixestivo por inxestión de corpo estrano.
 - Intoxicación aguda.
- Retirada e destrucción de cadáveres

Cúbrese nos termos previstos os gastos derivados da retirada, desde un lugar accesible para camiós, na entrada da explotación e ata o lugar da destrucción, de todos os cadáveres de animais mortos por calquera causa na explotación, incluíndo o custo de destrucción.

PÓLIZA AGRARIA FRONTE A DANOS MATERIAIS

Incluírá continente e contido nos seguintes riscos e pola seguinte suma:

Continente valor 9.863.774 €

- Incendio, tormenta, explosión.
- Danos por auga ou inundacións.

Contido valor 1.064.185 €

- Incendio, tormenta, explosión.
- Danos por auga ou inundacións.
- Roubo.

SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PROFESIONAL


Cubrirá tal e como se indica no prego de prescripcíons: danos corporais, materiais e prexuízos a consecuencia deles, involuntariamente ocasionados á Deputación e a terceiros por feitos que teñan relación directa e deriven do risco do servizo contratado.

Como melloras:

- Súbese o máximo de indemnización a 1.100.000 €.
- Inclúese a cláusula de CONTAMINACIÓN AMBIENTAL cunha suma asegurada de 150.000€.
- Inclúense ACCIDENTES DE TRABALLO cunha suma asegurada de 150.000€ /víctima.

F) RELACIÓN DE
OBRAS A EXECUTAR E
CONSERVACIÓN E
MANTEMENTO CON
CRONOGRAMA

As obras a realizar axústanse ó recomendado polo Anteproxecto e ó Prego de Prescricións Técnicas. Segundo o enchido previsto do centro, priorizaranse unhas inversión os primeiros anos:



Adecuación da área de recepción de mercadorías e preparación do leite (nave 06, 865,90 m2): a adecuación consistirá fundamentalmente na adaptación das instalacións a un sistema de fácil limpeza e que favorezan o traballo. Con este fin, o piso e as paredes pintaranse con pinturas plásticas que faciliten o seu lavado e construírse unha zona de lavado de utensilios cunha mesa de aceiro inoxidable de 3 metros cadrados e 2 lavadoiros grandes de aceiro inoxidable, de aproximadamente 500 litros por lavadoiro.

Adecuación da área de recepción dos animais e aloxamento de casetas en corentena (nave 07, 944,6 m2): para garantir unha separación entre os animais en corentena e os da zona da recepción, realizarase un tabique de división.

Na área de recepción de animais construíranse gaiolas metálicas para a inspección previa dos animais.

Área de vestiarios e aseos (nave 08, 401,85 m2): remodelación, acondicionamento e adaptación dos vestiarios, aseos e do local de lecer destinados ós traballadores do centro.

Área de Lazareto (nave 01, 173,65 m2): reforma estrutural para mellorar o manexo dos animais e dos residuos sólidos (aceso con pala cargadora), así como melloras na ventilación e luminosidade.

Ampliación dos silos de forraxe (nave 23 e 24, 2 x 586 m2): unión dos tres silos de forraxe, instalación número 23, cos tres silos da instalación número 24 ca intención de acadar máis capacidade de almacenaxe de forraxe.

Resina comederos: ó longo do segundo ano illaranse os comederos cun metro e medio de resina nas 13 naves.

Peirao de carga: deberá estar construído para o momento da primeira saída de animais un peirao de carga de animais adultos.

Almacén (nave de nova construción, 1.540 m2): construción de nave para almacén de forraxes comprados, superficie de 1.540 m2.

Silos de concentrado: 6 silos de concentrado de 28.000 kg para almacenar os diferentes concentrados.

G) MELLORAS NOS
MEDIOS MATERIAIS
ADSCRITOS A
EXECUCIÓN

Medios materiais necesarios para a área de elaboración do leite: será necesario mercar dous tanques de leite de aceiro inoxidable de 500 litros cada un, ambos con homoxeneizadores e incorporar un fluxómetro que mida caudal e una billa termostática para medir a temperatura da auga.

Catro termos eléctricos de 500 litros.

Na orde de facer máis cómodo o reparto do leite mercaranse varios distribuidores de leite, construírase un carro con bandexa metálica volteable para a distribución e transporte dos biberóns.

Incluirase tamén unha mesa de aceiro inoxidable de 3 metros cadrados, unha báscula electrónica de precisión para pesar o leite en po, varios andeis metálicos e unha neveira.

En canto ó material para os animais, necesitaranse 400 biberóns de 3 litros con asa e tetina.

Área de recepción dos animais: será necesario mercar unha báscula dixital con manga para o pesado de animais de menos de 250 kg, carreta porta-becerras con rodas para facilitar o movemento dos animais.

Un ordenador para o procesado da información recollida tales como: identificación dos animais, posibles patoloxías, pesos, e outras medicións...

Deberase mercar tamén material diverso para os animais como termómetros, crotaladoras, crotais, cintas, etc. Ademais compraranse 200 casetas individuais de fibra para albergar ós animais na zona de corentena.

Maquinaria: durante o primeiro ano será necesario mercar un carro mesturador autopropulsado de 16 m³ de segunda man, debemos ter en conta que durante o primeiro ano non farán falta grandes inversións posto que o uso do carro será mínimo, xa que as becerras serán pequenas e o consumo de forraxes será ínfimo. Precisarase tamén unha telescópica de máis de 7,5 m, unha encamadora de palla, unha camioneta destinada á recollida dos animais pequenos nas explotacións e un remolque para o transporte das xatas, dúas máquinas a presión de alta potencia para o lavado de instalacións, casetas individuais para estar baixo teito, etc.

No segundo e terceiro ano mercarase un carro mesturador autopropulsado de 20 m³, unha segunda telescópica, unha encamadora de serrín con sistema de limpeza automático das colchonetas e un arrimador de comida autónomo para as 13 naves.

Outras inversións: cabe sinalar a instalación de dous analizadores de rede eléctrica, unha báscula para camións de 50 toneladas e unha báscula dixital con manga para o pesado de animais de menos de 2.000 kg.

Contarase cunha muxidora portátil nas naves de xestación, para aqueles animais que poidan adiantar o parto ou ter algún problema de mamite.

En canto materiais para os animais destacar tamén a compra de 10 bañeiras podais para a correcta realización dos tratamentos.

H) RELACIÓN DE
RECURSOS PERSOAIS
QUE SE ADSCRIBEN A
EXECUCIÓN

O prego de cláusulas administrativas establece que a Concesionaria, deberá dispoñer de persoal en número suficiente estimándose como mínimo as seguintes persoas: nove traballadores e un xerente, cando o centro se atope a pleno rendemento.


Entre os nove traballadores deberá figurar polo menos un con licenciatura en veterinaria. Tamén establece que a concesionaria designará unha persoa responsable da continuidade do servizo e das relacións coa Deputación de Lugo, denominado xefe operativo ou interlocutor.

Dita figura quedará definida se Recría Castro S.L é proposto finalmente como concesionario, para as relacións futuras coa Deputación.

Os mínimos salariais contemplados no anteproxecto son estes:

	SALARIO	SS empresa	Total
Xerente	28.000	4200	32.200
9 Traballadores	95.823	37800	133.623

Recría Castro S.L estima que as necesidades de persoal ata acadar o rendemento completo aos 3 anos seguirán este organigrama, estimando unha entrada de 30 animais semanais:



Enténdese que a necesidade de persoal será progresiva, pero desde o comezo fará falta contar co xerente e cuns servizos técnicos especializados en reprodución, alimentación e xestión fundamentalmente.

Para iso, os compromisos que Recría Castro S.L. adquire a maiores son:

- Incremento do 12.5% no salario deses traballadores para que acaden os 1000 €/netos mensuais, que se organizarán por turnos a xornada completa.

Eses traballadores terán formación en materia de benestar animal, de non posuíla seralles proporcionada polos servizos técnicos veterinarios que contratará Recría Castro S.L. Un deles, mínimo, terá o curso de “Benestar animal no transporte” e o carnet correspondente, xa que será o encargado de un día a semana realizar as rutas de recollida das tenreiras.

- Entre eses 9 traballadores, o licenciado en veterinaria adquirirá maior responsabilidade nas tarefas de coordinación dos traballadores, supervisión do estado dos animais, emisión de informes na chegada e na saída dos animais, etc. O seu salario, cas táboas salariais vixentes e respetando os convenios, ascendería a 1975 €/netos se se precisase a xornada laboral completa.
- Recría Castro S.L. acorda asinar un convenio cunha empresa especializada en asesoramento de vacún leiteiro SERAGRO S.C.G para a prestación dos servizos necesarios na recría de xovencas de xeito eficiente e para a formación dirixida a traballadores do centro. Dito convenio adxúntase asinado por ámbalas partes.
- Recría Castro S.L. tamén está aberto a colaboración en programas de becas ou similares ca Universidade de Santiago en concreto ca Facultade de Veterinaria e a Escola Politécnica Superior de Lugo como con centros de formación agraria como co Centro de formación y experimentación agroforestal de Sergude, EFA Fonteboa previo coñecemento da Deputación Provincial de Lugo.



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE RECRÍA CASTRO S.L.U. DE MUIMENTA-COSPEITO, PROVINCIA DE LUGO E SERAGRO S. COOP. GALEGA DE MILLADOIRO, AMES, PROVINCIA DE A CORUÑA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS NA GRANXA DE RECRÍA "GAYOSO CASTRO" DE CASTRO DE REI EN LUGO.

En Ames, a 15 de Febreiro do 2017

Reunidos:

Dunha parte Noelia García Santoalla con D.N.I. 33.324.370-S como Presidenta de Seragro S. Coop. Galega con N.I.F. F-15.771.793 e domicilio en Rúa Castiñeiras, nave 112-A2 Polg. Ind. Novo Milladoiro, concello de Ames e provincia de A Coruña.

E de outra Rogelio Grille Barbeira, con D.N.I. 33.258.754-H como Administrador Solidario de Recría Castro S.L.U. con N.I.F. B-27.487.065 e domicilio en Parcela I-4 Polg. Ind. De Muimenta, concello de Cospeito e provincia de Lugo.

Interveñen

A primeira en nome e representación de SERAGRO S. COOP. GALEGA.

O segundo en nome e representación de RECRÍA CASTRO S.L.U.

Antecedentes

Que Seragro S. Coop. Galega, empresa de SERVIZOS TÉCNICOS constituída no ano 2.001 e que está composta por:

- 24 Veterinarios
- 2 Enxeñeiros Agrónomos
- 1 Graduado de Ciencias Empresariais
- 18 Técnicos Podólogos

- 1 Informático
- 3 Persoas de Administración.

Que prestan os servicios a explotacións gandeiras de toda Galicia de Reprodución, Alimentación, Calidade de Leite, Podoloxía e Xestión Técnico-Económica.

Clausulas

É o obxecto do presente convenio establecer o marco de colaboración entre SERAGRO S. COOP. GALEGA e RECRÍA CASTRO S.L.U. na realización de PRESTACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS na Finca de Recría Gayoso Castro.

Ditos servizos a realizar por os técnicos de Seragro S. Coop. Galega son :

- Reprodución
- Alimentación
- Podoloxía
- Xestión Técnico – Económica
- Dentro do Servizo de Reprodución, Seragro S.C.G terá a disposición un veterinario especialista, con visitas semanas que realizará as seguintes funcións:
 - Informatización técnica da reprodución
 - Seguimento individual reprodutivo dos animais
 - Planificación e deseño do programa de acoplamentos
 - Planificación de Inseminacións, ou protocolos necesarios
 - Diagnóstico reprodutivo.
 - Xestión e control dos medicamentos veterinarios, así como do libro da explotación e recetas veterinarias.
- Dentro do Servizo de Alimentación, Seragro S.C.G. terá a disposición un veterinario ou enxeñeiro agrónomo, con visita mínima mensual, as tarefas a desempeñar son :

- Elaboración e informatización das racións.
 - Seguimento e análise da alimentación nos distintos lotes.
 - Supervisión das medicións e pesadas dos animais.
 - Control e supervisión das calidades das distintas materias primas (silos, alfalfa, piensos, leites maternizadas, etc.)
 - Control de custos da alimentación.
- Dentro do Servizo de Podoloxía, Seragro terá a disposición previa un equipo especialista en podoloxía bovina cas seguintes funcións:
 - Revisión funcional de patas na nave de xestación, antes da saída de animais.
 - Asistencia a urxencias.
- Dentro do Servizo de Xestión Técnico-Económica, Seragro terá a disposición un Enxeñeiro Agrónomo; as tarefas a desempeñar son :
 - Auditoría interna anual dos resultados técnicos acadados, con fixación de novos obxectivos para os seguintes.
 - Informatización de facturas de compras e gastos por centros de custos para optimizalos.
 - Control e supervisión de fincas
 - Control de abonados.
 - Control/selección de sementes.
 - Control de fitosanitarios e herbicidas.
 - Control de produción forraxeira.
 - O Servizo de Calidade de Leite ofrecerá asistencia na supervisión do programa sanitario de mamite ante calquera incidencia que se detecte no centro, encamiñado á prevención de mamite en xovencas.


- Dentro do Servizo Administrativo ofrecerase soporte técnico, e a plataforma informática de xestión integral de datos GESGANDO e GESGANDROID para uso en dispositivos móbiles.

As tarifas que Seragro aplique a Recría Castro S.L. polos seus servizos, coma en calquera outra explotación de vacún de leite na que Seragro S.C.G., serán as vixentes, aprobadas en revisión anual en Xunta Rectora.


E para que así conste, asinan o presente convenio de conformidade as partes no mesmo lugar e data o principio mencionados.


SERAGRO
Sociedade Cooperativa Galega
C.I.F.: F-157/1793
Rúa Castiñeiras Nave 112-A2
Polígono Industrial do Milladoiro
Tel.: 881 041 784
15900 - A Coruña

NOELIA GARCÍA SANTOALLA


ROGELIO GRILLE BARBEIRA

PARTICIPACIÓN DOS **GANDEIROS NO** **PROXECTO**



RECRÍA CASTRO S.L.

ELIMINANSE DO DOCUMENTO AS PÁXINAS
DENDE A 57 ATA A 99 POR CONTER
INFORMACIÓN DE CARÁCTER PERSOAL.